

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	SOBER
Edificio	Igrexa de San Xiao de Lobios
Dirección	Lugar da Airexa, 14. 27423
	42.40831761806701 -7.531253707474829
Protección	
Descrición	<p>Exemplar do románico rural do século XIII con notas que falan de transición ao estilo oxival. A sancristía é posterior e a espadana é barroca. É de nave rectangular con ábsida tamén rectangular. Dous contrafortes exteriores en cada lado, dividen os alzados laterais en tres pequenos entrepanos. As cubertas son de madeira a dúas augas na nave en tanto que a cabeceira se cobre cunha bóveda de cruzaría no tramo inmediato á nave e con bóveda de canón apuntada no tramo do testeiro. A fachada principal ten unha porta construída sobre un taboleiro saínte que remarca o seu abucinamento, con arco de medio punto apuntado, con catro arquivoltas de bocel decoradas con rosetas e bólas. Os capiteis teñen decoración vexetal. Na parte alta érguese unha ventá, moi apuntada, de trazaría gótica. No lado sur hai outra portada semellante á anterior. A ábsida é rectangular e está dividida en dous tramos por dúas columnas pegadas con capiteis entrelazados. No testeiro ábrese unha ventá na parte alta semellante á da fachada principal.</p> <p>No interior destaca un tramo anterior á ábsida, cuberta con bóveda nervada que se apoia en columna nos capiteis da cal se representan símbolos, adornados con pinturas, dos catro evanxelistas: anxo, touro, león e aguia. Tamén conserva interesantes pinturas murais.</p>
Campás	3 campás.
Fotos	4
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	www.turismo.gal (Xunta de Galicia)
Data	15-04-2023

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	Campá pequena (1)		1861	30	16

Espadana	Campá mediana (2)	BLANCO LEMOS, ANTONIO	1963	50	72
Espadana	Campá maior (3)	DE LA SOTA LÓPEZ, JUAN MARÍA	1903	60	125

Información completa: [Igrexa de San Xiao de Lobios - SOBER \(GALICIA\)](#)

PDF (26-06-2026)